

Santaballa fia a súa memoria

► A escola habaneira da parroquia vilalbesa encheuse de veciños para asistir á representación feita no marco da Polafía

CRISTINA PÉREZ

✉ cperez@elprogreso.es

VILALBA. «Oian señores a historia dunha parroquia da Chaira...» comezou cantando co acompañamento dunha zanfona o músico Antón Castro nunha abarrotada escola habaneira da Liga Santaballesa, cun atento e numeroso público disposto a escoitar aquelas lembranzas, contos e lendas que lle dan forma a historia da parroquia de Santaballa.

O marco elexido para botar unha ollada ao pasado foi unha Polafía, ese neologismo que non aparece no dicionario da lingua, pero que foi a palabra escollida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para designar «os encontros nados no ano 2007».

O obxectivo desta iniciativa, desenvolvida sempre en colaboración de colectivos ou asocia-



Un momento da representación, na que varias mulleres lembraron as lendas da zona. C. PÉREZ

cións, como foi onte a Asociación de Amigos da Liga Santaballesa, é deixar claro que «a cultura popular non morreu e hai que poñela a circular outra vez», segundo precisou o escritor Antón Reigosa, presentador onte dunha xornada que sempre é única e na que por

primeira vez, no canto de contar contos, se optou por escenificar a historia da parroquia.

Para facer un traballo escolar, unhas nenas manteneu unha conversa coa súa avoa, que vai dando paso a entrada de personaxes dunha e doutra época, que

lembran as escolas, as tabernas ou os labores de todos coñecidos en Santaballa; que recuperan en escea o drama da emigración ou que contan lendas, coma aquela na que se relata que o actual patrón San Pedro, é froito dun intercambio con Lanzós, para onde

se mandou o San Martiño logo da tráxica morte do cura, ó que lle disparara unha condesa. Así, ata chegar «ao día de hoxe», no que «Santaballa é un exemplo para os veciños ou o mesmo concello».

Esta aseveración sencundouna o propio Reigosa, quen definiu esta parroquia vilalbesa coma un lugar «exquisito, pola historia que ten detrás» e agradeceu a implicación de todos neste proxecto encamiñado a recuperar a tradición oral, que terá continuidade nunha gravación que poderá atoparse na páxina web da AELG.

«Este traballo estase a usar nas escolas, como exemplo de vida da xente do mundo do mar e do rural, poñendo a cultura ao alcance da man», precisou Antón Reigosa, que tamén lembrou que as Polafías non serían posibles sen financiamento, que neste caso correu a cargo dunha axuda da área de Cultura da Deputación.

Unha vez rematada a representación da historia de Santaballa, guionizada por Isidro Cillero, José Manuel Bermúdez e José Manuel Felpeito e representada por 15 voluntarios de todas as idades, aos que se uniron os músicos Andrés Díaz, coa gaita, e Antón Castro, coa zanfona. «Os numerosos asistentes a este acto poideron intercambiar impresións e recordos compartindo uns pinchos. É que como cantou Antón Castro para pechar a obra: «Ai os de Santaballa, sonche o demo!»».